
MEMORIA ANUAL 2015

verdegaia 

Informe de comunicación.

Período inter-asemblar marzo 2015 - xaneiro 2014.

Foro:

Táboa resume:

Foro iniciado o 1-11-2008	2012 a 2013	2013 a 23-0-2015	23-02-2015 a 9-01-2016
Número de mensaxes:	1858 novas (total 6526)	1828 novas (total 8354)	99 novas (total 8453)
Número de temas:	734 novos (total 1579)	359 novos (total 1938)	14 novos (total 1952)
Número de usuarios:	11 novas (total 111) <i>O 40% da base social</i>	3 menos (total 108) <i>O 55'1% da base social</i>	1 nova (total 109) <i>O 63% da base social</i>

No período interasemblar 2015-2016 publicáronse 99 mensaxes novas e abríronse 14 novos temas, para un total de 8453 mensaxes e 1952 temas en total dende a apertura do foro en novembro de 2008.

Agora mesmo están dadas de alta no foro 109 persoas socias, unha máis das que figuraban no informe do 2015, se ben daquela representaban un 55'1% da base social, mentres agora esa cifra elevouse a un 63%. Esta é unha tendencia que xa viña do 2012, no que a porcentaxe de persoas socias dadas de alta no foro era dun 31 %. O factor clave non é tanto o crecemento de persoas no foro mais a caída do número total de socias. Xa se ten comentado en informes anteriores que este dato pode falar tamén do perfil das persoas socias que se teñen dado de baixa da asociación.

O máis destacábel sería a brusca caída na utilización desta ferramenta de comunicación e almacenaxe de información, que corresponde a unha baixada xeral da actividade da asociación, mais que ten tamén outros factores explicativos. Por exemplo, poderíase aventurar que o descenso no número de activistas e a sobrecarga de tarefas nas persoas que están a soster o día a día do colectivo fan que na comunicación adoptemos estratexias moito máis económicas en esforzo, deixando ás listaxes de correo como único medio dixital de comunicación interna. O uso dun foro require unha maior iniciativa por parte da persoa usuaria fronte aos correos, que recibe na súa bandexa, que pode compartir con diversos colectivos e outros usos particulares. As diversas militancias que acumulan moitas das persoas socias tamén favorecería este resultado, pola mesma razón.

A consecuencia de non empregarmos o foro é unha maior dificultade para abrir fíos que faciliten a incorporación aos debates e/ou actividades a persoas socias que non estean atentas aos correos cotiáns, así como perdermos a capacidade de almacenaxe e recuperación de informacións que facilita esta ferramenta, para todo tipo de finalidades.

Páxina web:

É difícil facer unha análise das visitas na web, pois moitas delas son ficticias, ou cando menos non corresponden a persoas que teñan interese nos seus contidos. Así acontece con picos excesivamente grandes ou con visitas de orixes exóticos como Ucraína ou EE.UU. Este ano non incluimos no informe os datos recollidos outros anos coa ferramenta de AWStats, pois precisamente polo dito non achegan unha información relevante. Facemos iso si, como no pasado informe, unha panorámica das novas penduradas na páxina web neste período, do 23-02-2015 ao 9-01-2016.

Entre as asembleas de 2014 e 2015 publicáranse 65 novas, cunha media de visitas de 471. Entre o 23-02-2015 e o 9-01-2016 foron 34, cunha media de 668 visitas (descontando as novas máis extremas, con máis e menos visitas, a media é de 614). Esta é só outra mostra da nosa menor actividade. A pesares diso teñen aumentado as visitas por nova, algo complexo de valorar á hora de contabilizar visitas en relación á súa tipoloxía.

Para facermos unha análise realista é importante recordar que as cifras non corresponden sempre con visitas de persoas reais e/ou diferentes entre si. En todo caso, podemos apreciar que non hai unha baixada nas visitas sobre os anos anteriores, senón certa recuperación. Por outra banda, aparecen dous tipos de novas que semellan chamar máis a atención que outras, os roteiros e as campañas con denuncias concretas, sexa por cuestións ambientais, sexa por cuestións relacionadas con dereitos e liberdades. Por riba de calquera outra nova, temos que sinalar o roteiro polo sur do Forgoselo e cabeceira do río Beelle (Ferrol), o que pode permitírnos detectar con que puntos fortes podemos contar de cara á difusión (se non se debe a cousas menos positivas como termos a páxina hackeada).

É moi posíbel que o peso das campañas e actividades correlacione ben co papel que está a ter facebook na nosa difusión, pois están na liña dos contidos máis propios desa ferramenta. De feito, o freo na actualización do noso muro nesa páxina pode estar detrás do menor número de visitas das dúas últimas novas da web, que non foran publicadas nesa rede social no momento de redacción deste informe.

Estatísticas de visitas ás novas da web até o 9-01-2016

menos de 500 visitas máis de 750 visitas media das visitas sen os extremos: 614

Título da nova	data	visitas
Críticas ao PRUX das Fragas do Eume	1-03-2015	775
Sanción ao Concello de Tui polos verquidos no regato de San Martiño	4-03-2015	732
Convocatoria da IX Asemblea Xeral de Verdegaiá	9-03-2015	717
Vai de Roteiros: de Cangas a Barra (Vigo)	9-03-2015	809
Que sorte teñen os cazadores (artigo)	11-04-2015	500
Vai de Roteiros: Serra do Careón (Compostela)	12-04-2015	765
Denuncia a SOGAMA no Parlamento Europeo	14-04-2015	542
Día de acción global contra o TTIP	16-04-2015	494
Un programa pola Terra	23-04-2015	683
Convocatoria do obradoiro “Vídeo-rebeldía”	24-04-2015	597
Nota de solidariedade polo xuízo a Marcos Celeiro	5-05-2015	1018
Chamamento de ContraMINAcción á solidariedade con Marcos Celeiro	7-05-2015	513

Vai de Roteiros: sur do Forgoselo (Ferrol).	8-05-2015	3048
Posibles infraccións ambientais por unha obra no LIC Gándaras Budiño	23-05-2015	638
Ollo! Administracións tóxicas a fumigar con glifosato	3-06-2015	1007
Campaña de obxección fiscal ao gasto militar 2015	4-06-2015	641
Premios semente cemento, 2014-2015	5-06-2015	776
Visita ao centro de APAMP, en Vigo	8-06-2015	685
Presentación do libro “En la espiral de la energía”	9-06-2015	777
Marcha contra Celulosas	15-06-2015	726
Día mundial do medio ambiente nas Ribeiras do Louro	23-06-2015	679
Proxección do documental “En todas as mans”	7-07-2015	798
Xornada “O impacto da minaría nas terras de Lousame”	26-07-2015	602
Mobilización antitouradas en Pontevedra	29-07-2015	707
Novo verquido nas Fragas do Eume	2-09-2015	498
Ferrol, cidade de acollida	8-09-2015	473
Pedalada solidaria “Cycling for Ataxia”	22-09-2015	393
Roteiro pola cidade de Ferrol, en colaboración co COAF	2-10-2015	374
Días das aves nas Gándaras de Budiño	8-10-2015	351
Manifestación contra o TTIP	9-10-2015	346
Texto de apoio ás persoas detidas na “operación Jaro”	30-10-2015	713
O acoso sexual é delito	19-11-2015	241
Alegacións ao anteproxecto de Lei de Acuicultura galega	23-12-2015	86
Apoio á comunidade grega de Megali Panagia, fronte á minaría	6-01-2016	40

Facebook:

O número de persoas vinculadas a nosa páxina de facebook pasou de 1871, como constaba no informe da asemblea do 2013, a 2557 en marzo de 2015 e 2714 a 30 de xaneiro de 2016. Mantense pois unha evolución positiva, aínda que o crecemento tense ralentizado un tanto. Para alén da cantidade de persoas asociadas, é importante comprobar a actividade da páxina. Para facer a comparación con anos anteriores é interesante rescatar un extracto do informe do ano pasado:


“Os “góstame” baixaron de 20 a 8 por publicación. Mentres que nos anos 13-14 tivemos un comentario de media por publicación, este ano, apenas temos comentarios. E cando no 13-14 as nosas publicacións eran compartidas 6 veces de media, no 2014-15 só 2. Todas estas accións son as que axudan a termos máis visitas. Por sorte apenas tivemos accións que restan visitas á páxina, e só 3 persoas ocultaron unha das nosas publicacións e outra ocultou todas as nosas publicacións. Ninguén nos denunciou como “spam” nin desfixo o “góstame” da nosa páxina.


Alcance total (número de persoas que recibiron algunha actividade da páxina, incluíndo publicacións, publicacións de outras persoas na páxina, anuncios de “góstame” de páxina, mencións e check-ins) baixou no último período de 486 a 261 (persoas por publicación).”

Para o presente período inter-assemblear, desde marzo de 2015 até xaneiro de 2016, temos contabilizadas 136 publicacións na nosa páxina de facebook, ao redor de 12 por mes de media (foran 157 entre febreiro de 2014 e febreiro de 2015). Os "gústame" son de 1 por publicación de media e, aínda que por cuestións de contabilidade da páxina este pode non ser un dato válido para establecer comparacións, no mesmo período do ano anterior dan o mesmo número de "gústame" por publicación. O número de comentarios por entrada segue a ser tan baixo que é irrelevante, poderíase dicir que non temos comentarios.

O alcance medio das publicacións dende o 1 de marzo ata hoxe foi de 318 persoas e a media de alcance total (sumando todas as actividades da páxina que chegan a calquera persoa) é de 334. Hai polo tanto unha lixeira recuperación, despois da caída até 2015, máis non se podería dicir que a nosa páxina teña unha gran interactividade. Sería esta unha materia pendente.

Velaquí algunhas gráficas sobre a utilización da nosa páxina:





Visión xeral	Curtidas	Alcance	Visitas	Publicacións	Persoas
País	Seus fãs	Cidade	Seus fãs	Idioma	Seus fãs
Espanha	2.223	Santiago de Compostela, ...	410	Galego	1.056
Portugal	131	Vigo, Galiza, España	322	Español (España)	708
Reino Unido	23	Corunha, Galiza, España	256	Español	512
Argentina	22	Madrid, España	128	Portugués (Portugal)	124
México	14	Galiza, Portugal	108	Inglés (EUA)	44
Brasil	13	Ourense, Galiza, España	96	Inglés (Reino Unido)	38
Peru	13	Pontevedra, Galiza, España	80	Portugués (Brasil)	36
França	11	Lugo (Galiza), Galiza, España	56	Catalão	16
Venezuela	9	Ferrol, Galiza, España	53	Francés (França)	8
Alemanha	9	Barcelona, Cataluña, España	51	Italiano	6


Presenza en medios de comunicación no período inter-asemblar 2015-2016.

(Esta non é unha análise exhaustiva, pois non realizamos unha recolla sistemática e é posíbel que queden algunhas referencias en medios á Verdegaiá sen incluír.)

Para este período inter-asemblar, de marzo de 2015 a febreiro de 2016, a redución da nosa presenza nos medios acentuou a caída que xa viña marcada como tendencia no ano anterior. Mantemos como referencia a indicación a modo de exemplo das novas publicadas por dous xornais, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, no ano 2010, xunto ao acontecido en xeral no 2014.

Prensa:

- Diáριο Liberdade: 4 referencias a Verdegaiá en artigos dende marzo de 2015.
- Praza: 5 referencias en novas (10 no 2014).
- Sermos: 4 en artigos dende marzo de 2015 (6 no 2014)
- La Voz de Galicia: 6 artigos (12 no 2014 e 63 no 2010).
- Faro de Vigo: 4 artigos diferentes (8 no 2014).
- El Correo Gallego: 4 (10 no 2014 e 41 no 2010).
- Diario de Ferrol: 3



Radio e televisión:

- Entrevista na cadea Ser en marzo de 2015 polo verquido no regato de San Martiño, en Tui.

(9 intervencións no período 2014-2015)

Informe de actividades 2015-2016 de Verdegaia

- Área de Traballo de Educación Ambiental, Xustiza Social e Consumo Consciente
- Área de Traballo de Biodiversidade
- Nc de Compostela
- Nc de Ferrol
- Nc de Vigo
- Representación Local de Ribeira

Memoria de actividades da Área de Traballo de Educación Ambiental,
Xustiza Social e Consumo Consciente

- Difusión e participación do documental "Cos pés de cemento".
- Apoio e participación nos movementos contra o TTIP.
- Participación nos Foros Ecolóxicos da Barbanza.
- Solidariedade con Marcos Celeiro.
- Difusión da Campaña contra os gastos militares e militarizados.
- Apoio e difusión do "crowdfunding" para levar ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos o acontecido no xuízo na Audencia Nacional a Antóm Santos, Roberto Rodríguez, María Osório e Eduardo Vigo.
- Presentación de Verdegaiá á asociación de familiares de persoas con parálise cerebral.
- Colaboración na difusión da presentación do libro "En la espiral de la energía".
- Difusión da campaña "O acoso sexual é delito".
- Participación e apoio contra as agresións da "Operación Jaro".

- Seguir dentro de FIARE, agora xa Banca Ética en BpE.
- Apoio da Asemblea Aberta de Coia.
- Obradoiro de videocreación de denuncia social en colaboración con Illa Bufarda en Compostela.
- Participación nun roteiro de visita a produtoras ecolóxicas en colaboración coa Gentalha do Pichel.
- Loita contra a Lei Mordaza (apoio á manifestación en Ourense).
- Tradución do manual de desobediencia económica.
- Participación na plataforma pola defensa da sanidade pública.

Memoria de actividades da Área de Traballo de Biodiversidade

Ámbito xeral

- Actividades realizadas non planificadas.
 1. Respostar a diversas solicitudes de información de veciños de diferentes vilas e cidades galegas.

Espazos naturais e especies autóctonas

- Representación do movemento ecoloxista e traballo en tres espazos naturais protexidos: Parque Natural das Fragas do Eume, Parque Natural dos Montes do Invernadeiro e Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
 1. Asistir á xuntanza do Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia no que se tratou a Lei de Parques Nacionais.
- Campaña STOP ATROPELOS nas estradas galegas.
 1. Arquivar as fichas de atropelos que chegan a Verdegaia.
 2. Manter contactos con activistas contra os atropelos de animais domésticos en Compostela.

- Actividades realizadas non planificadas.
 1. Presentación de diversos escritos diante das Consellerías de Medio Ambiente, Industria e Sanidade, así como na Confederación Hidrográfica Miño-Sil por un verquido na canteira de Pereiriñas, Salceda de Caselas.
 2. Traducción de artigo de Cristina Álvarez Baquerizo sobre a caza e publicado por Efe Verde.
 3. Denuncia do impacto dunha plantación forestal de piñeiro e freixo nunha zona de alto valor ecolóxico da Serra da Groba (Pontevedra).
 4. Asistir a varias xuntanzas da Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro e colaborar na organización da VI Andaina pola Protección da Serra do Galiñeiro.

- Actividades levadas a cabo nas Ribeiras do Louro:
 1. Presentación dun escrito conxunto coa SGHN e a AHE diante do Concello do Porriño e da Consellaría de Medio Ambiente e Territorio da Xunta de Galicia solicitando devolvan ó estado inicial os terreos que ocupaba o Centro de Interpretación das Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro.

2. Realización dunha actividade de mostraxe de anfibios xunto coa SGHN e a AHE Nas Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro e tamén en barreiras do concello das Neves.
3. Presentación dun escrito conxunto coa SGHN e a AHE diante da Consellaría de Medio Ambiente e Territorio da Xunta de Galicia no que valoran como moi agresiva para o ecosistema a obra de recheo que se está realizando para a restauración dunha explotación mineira no límite do LIC Gándaras de Budiño (O Porriño).
4. Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente coa celebración dun roteiro conxunto coa SGHN e a AHE polo ZEC Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro.
5. Celebración do Día das aves xunto coa SGHN nas Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro.

Especies invasoras

1. Denuncia da prórroga da concesión dos terreos de Lourizán e da licencia para continuar coa súa actividade até o 2073 á pasteira ENCE.

Litoral e mariña

1. Presentación de alegacións ó anteproxecto de Lei de Acuicultura de

Galicia diante da Consellaría de Pesca da Xunta de Galicia.

Dereitos dos animais

1. Apoio á séptima edición da mobilización promovida por “Touradas fóra de Pontevedra” e que terá lugar o vindeiro sábado 8 de agosto.

Memoria de actividades do Nc de Compostela

- Abril de 2015: Vai de Roteiros!, roteiro pola serra do Careón.
- Maio de 2015: obradoiro de vídeo-creación crítica, *VídeoRebeldía*, coa asociación veciñal A Xuntanza, Amarante e Illa Bufarda.
- Xuño de 2015: denuncia perante o Concello de Compostela polo uso de herbicidas derivados do glifosato (Tragli).
- Xuño de 2015: presentación do libro *En la espiral de la energía*.
- Durante a primeira metade de 2015 mantivemos a periodicidade de dúas xuntanzas do grupo ao mes. A perda de actividade da segunda metade do 2015 e inicio do 2016 débese simplemente á menor dispoñibilidade de tempo por parte das persoas activistas do grupo para participar na asociación, pero ten levado a unha paralización case total do grupo nos últimos meses.

Memoria de actividades do Nc de Ferrol

- Xaneiro:

- (19/1/2015) Presentación do libro "Durmiendo con lobos", do fotógrafo navarro Andoni Canela, no salón de Actos do Ateneo Ferrolán. Neste acto presentouse unha reivindicación do lobo en Galicia.

- Febreiro:

- Presentouse unha denuncia ante Augas de Galicia e ante o Servizo de Conservación da Natureza da Consellería do Ambiente polo inicio dun recheo nunha zona húmida existente no lugar de Caeiras, entre as parroquias ferrolás de Esmelle e Covas, constituído polo Regato de San Xurxo. Pedíuse a paralización inmediata das obras, a revogación dunha posíbel autorización, así como a supresión do recheo iniciado, retirando na súa integridade os materiais deitados sobre a zona húmida.

- Nota de prensa: Demanda da retirada do Plan de Conservación de A Frouxeira

-. Febreiro

- (19/02/2015): Solicitouse á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais o plano de explotación do Monte Comunal das Cabazas (Covas-Esmelle), Concello de Ferrol, ao vérense afectados diversos hábitats e especies protexidos. Non recibimos resposta.

-. Abril:

- Remitiúselles ao Xefe do Servizo da Zona Hidrográfica Galicia Norte de Augas de Galicia un escrito de contestación á patética resposta dada por este organismo á denuncia efectuada por Verdegaiá contra o recheo iniciado no lugar de Caeiras, entre as parroquias de Esmelle e Covas (Ferrol).

- Maio :

- (17/5/15) Roteiro polo Sur do Forgoselo: Fontes do Beelle Fontardián, dentro do programa Vai de Roteiros, cos seguintes puntos de interese: cabeceira do Beelle, lugar abandonado da Cernada, muíño, felgos macaronésicos, flora, fragas, paisaxe de montaña, gado salvaxe, penas cabaleiras, vistas do Canón do Eume.

-. Xuño:

- Presentouse unha nova denuncia ante Augas de Galicia e ante o Servizo de Conservación da Natureza da Consellería do Ambiente pola ampliación do recheo efectuado no humidal de Caeiras (Ferrol).
- Entrega do Premio “Semente 2015” a Ramón Regueiro e a súa familia, pola súa crucial contribución na defensa e conservación da Fraga de Menáncaro localizada na parroquia ferrolá de Serantes e sobre a que se pretendía construír unha urbanización de luxo que destruíría irreversiblemente esta valiosísima masa arbórea autóctona, na que se poden atopar algúns exemplares de carvallos centenarios.

-. Xullo:

- Mantívose unha entrevista co novo Alcalde de Ferrol, Jorge Fernández e coa nova Concelleira do Ambiente, Esther Leira, para falar de diversas cuestións ambientais prioritarias, nomeadamente, Rede Natura, demolición das edificacións ilegais na costa, protección das fragas ferrolás, instalacións militares desafectadas, especies invasoras, especies ameazadas, saneamento da zona rural, concentración parcelaria de Covas-Esmelle-Marmancón-Mandiá e o recheo de zonas húmidas.

- Setembro:

- (4/9/15) Presentación dunha moción para que o pleno do Concello de Ferrol concrete a intención manifestada polo goberno municipal de facer de Ferrol unha cidade de acollida de persoas refuxiadas, instando ao resto de corporacións municipais que aínda non se posicionaran publicamente sobre o tema a traballar no mesmo sentido.

-. Novembro

- (17/11/2015): Efectuouse unha nova denuncia ante o Concello de Ferrol polas obras de ampliación do recheo sobre o humidal existente no lugar de Papoi, parroquia de Marmancón (Ferrol), ao verse afectado o Dominio Público Hidráulico, así como diversos hábitats e especies protexidos. Demandouse a paralización inmediata das obras, a revogación das licenzas outorgadas, a reposición do humidal

afectado ao seu estado natural, entre outras cuestións, con resultado infrutuoso.

- Outubro:

- (4/10/2015) Roteiro urbano por Ferrol en colaboración coa sede en Ferrol do Colexio de Arquitectos de Galicia para promover a reflexión sobre a situación ambiental na cidade, prestando especial atención a aspectos como o comportamento enerxético das edificacións, o conflito entre tráfico rodado e espazos públicos, a xestión deficiente do ciclo da auga, a contaminación lumínica que provoca a iluminación pública, a urbanización extensiva inustificada ou a adaptabilidade climática das especies plantadas nos espazos públicos, entre outros.

-. Novembro:

- Enviouse un comunicado de prensa aos medios de comunicación informando sobre a nova denuncia apresentada contra o recheo efectuado sobre o humidal de Papoi, parroquia de Marmancón (Ferrol).
- (28/11/15) concentración baixo o lema “POLO PLANETA POR TI UNHA HERDANZA RENOBABLE” xunto con o Concello Ferrol, ADEGA, Sociedade Galega Hª Natural, ,Greenpeace , A.V. Magdalena, Club Montaña,..

-. Decembro (08/12/2015):

- Entrevista telefónica na emisora de radio RNE sobre o recheo efectuado no humidal de Papoi, parroquia de Marmancón (Ferrol).

Ademais o longo do ano 2015 fixemos:

- Reunións co colectivo de persoas afectadas polo verquido de áridos asfálticos en Laraxe, no concello de Cabanas
- Seguimento das obras de adecuación da EDAR de Gunxel, no concello da Capela, con varias reunións coa veciñanza afectada pola obra

Reunións no local da Sociedade Galega de Historia Natural co resto de colectivos ambientais da comarca para tratar distintos temas ambientais, en especial a protección da Fraga de Menáncaro e a súa contorna.

Memoria de actividades do Nc de Vigo

A. Educación Ambiental e Xustiza Social

1. Proxección do documental “En todas as máns”.
2. Presentación do libro “En la espiral de la energía”.
3. Participación na organización de accións contra os TTIP’s.

B. Urbanismo - Infraestruturas e Territorio

1. Masa crítica de Vigo: promoción.
2. Preparar denuncia contra o concello de Vigo por impedir o acceso a información ambiental.

C. Comunicación

1. Realización de material divulgativo das actividades da asociación.
2. Colaboración na reorganización da comunicación externa da asociación.

Memoria da Representación local de Ribeira

- Participación na Plataforma pola defensa da Sanidade Pública.
- Participación no Foro Ecolóxico de Ribeira.
- Creación dun grupo de consumo.
- Primeiros pasos para a creación dun sistema participativo de garantía.
- Seguimento das actuacións nas marismas da Xunqueira do Areal, Fase I, T.M. da Pobra do Caramiñal.
- Proxección e debate: #OligopolyOFF: empieza la revolución energética ciudadana.

INFORME DE ORGANIZACIÓN.

SOBRE ASOCIADOS/AS:

A Asociación Ecoloxista Verdegaiá é unha organización de ámbito galego e sen ánimo de lucro. Verdegaiá, a nivel organizativo, organízase en núcleos comarcais. Naceu con 4 Núcleos Comarcais (Ferrol, Santiago, Vigo e Ourense) aos que se incorporaron posteriormente os núcleos da Coruña (2008) e Pontevedra (2009), así como a representación local de Ribeira (o Barbanza) dende 2008. Entre os anos 2013- 2014 desapareceron como núcleos comarcais Coruña e Pontevedra. A finais do ano 2014 recomendouse facer unha valoración sobre a pervivencia do núcleo comarcal de Ourense pola situación que estaba a vivir de falta de activistas. No ano 2015 non se contabiliza como núcleo desde o punto de vista organizativo e económico.

Evolución do número de asociadas/os :

Dende a constitución de Verdegaiá en marzo de 2006, o incremento do número de socias/os nos primeiros anos pasou dun crecemento exponencial a un proceso máis calmado. Desde o nacemento o proceso de crecemento da asociación foi sempre en aumento aínda que no ano 2010 este crecemento comezou a estabilizarse até o ano 2012 que comeza un novo período no que se pode apreciar un descenso importante no número de asociad@s.

En relación as asociadas e o tipo de cota temos que dicir que no ano 2015 eliminamos as cotas de tipo trimestral e a día de hoxe temos tres tipos de cota: semestral, anual e sen cota.

- **4 asociad@s están exentos de pagar cota.**
- **4 asociad@s teñen cota en man.**
- **17 asociad@s teñen cota semestral.**
- **167 asociad@s teñen cota anual.**

Evolución do número de asociadas/os

NÚCLEO COMARCAL	Dec-2006	Dec-2007	Dec-2008	Dec-2009	Dec-2010	Dec-2011	Dec-2012*	Dec-2013	Dec-2014	Dec-2015
CORUÑA	8	11	15	16	15	15	15	11	11	8
FERROL	18	28	32	35	37	37	35	33	31	30
OURENSE	35	44	50	51	50	50	49	21	16	16
PONTEVEDRA	4	4	5	19	22	22	22	15	14	14
SANTIAGO	52	58	65	70	71	72	74	52	49	47
VIGO	25	49	58	62	66	68	71	54	51	52
SEN NÚCLEO	12	21	24	28	33	36	37	23	24	25
TOTAL	154	215	249	281	294	300	303*	209	196	192

- **Estes datos recollidos aí non son fiábeis, están recollidos a comezo de 2012 e carecemos de informes sobre este tema de finais de 2012 pero pondo en relación os datos económicos co número de asociados, vendo o forte descenso en ingresos dese período, tiramos a conclusión de que o número de asociados reais era moito menor polo que concluímos que o descenso no número de asociados e asociadas comezou no ano 2012 e non no ano 2013 como recolle a táboa. Os datos do ano 2014 e 2015 son fiábeis.**
- **No ano 2014 tiñamos un total de 196 asociadas.**
- **No ano 2015 temos un total de 192 asociadas. Houbo 8 baixas dos núcleos de Compostela (3), sen núcleo (1) e A Coruña (3), Ferrol (1).**
- **No ano 2015 houbo un total de 4 altas, Vigo, sen núcleo, Compostela.**

ACTIVISTAS:

Asumindo a variabilidade temporal con respecto ao número de activistas, o certo é que na actualidade (tomando en conta anos 2013, 2014 e 2015), o número de activistas descendeu de maneira drástica respecto de anos anteriores o que pon a Asociación nunha situación grave de falta de recursos humanos para desenvolver o seu traballo cotián. Na comarca de Ourense o número de activistas é mínimo polo que non se topa xa en consideración como núcleo, Ferrol vai mantendo o número de activistas e Vigo e sobre todo Compostela tiveron un descenso importante.

Debido ao descenso importante no número de activistas e a imposibilidade de continuar a manter unha estrutura tan ampla, moitos dos activistas cos que conta na actualidade a asociación ven

duplicado o seu traballo, o que causa un desgaste que ao final deriva en prexuízo para a propia asociación, polo que xa no ano 2014, desde a área económica se solicitou adaptar a estrutura organizativa á realidade actual de Verdegaia.

XÉNERO:

A análise de xénero da nosa asociación non variou no último ano, como xa se indicou no ano 2014, Verdegaia amosa unha distribución case idéntica á que poderíamos considerar “modelo” do tecido asociativo galego: 60% de homes e 40% de mulleres; no noso caso, 56,80% de homes e 43,22% de mulleres, No ano 2010-2011-2012 o número de mulleres na Asociación era de 41%.

CCXERAL E CPERMANENTE

Dende a asemblea de marzo de 2011 até a actualidade non se celebrou ningunha xuntanza da comisión permanente, nin de forma presencial nin de forma dixital. Esta ausencia de encontros, ao igual que acontecera no período interasamblear 2010-2011, responde á vontade de derivar o conxunto da comunicación e tomada de decisións á comisión coordinadora xeral. Tense empregado a listaxe da permanente para resolver cuestións concretas que se teñen presentado. En relación á comisión coordinadora xeral, a súa periodicidade mantívose pero con dificultades, na actualidade estase a empregar o Skipe para solucionar problemas de asistencia. No que respecta ao número de asistentes, constatouse un descenso no ano 2012 respecto de anos anteriores pero na actualidade o número de asistentes non difire moito de finais 2012-2013-2014.

No que respecta á comisión de garantías non se ten reunido nos últimos anos.

INGRESOS ECONÓMICOS DA ASOCIACIÓN:

Os ingresos económicos da Asociación Ecoloxista Verdegaia, proveñen case na súa totalidade das cotas de asociados e asociadas. A maior parte das socias e socios teñen domiciliada a cota con pago anual e semestral. Há tamén un pequeno número de soci@s con cotas en man e tamén, a principios do ano 2014, creamos unha nova figura de asociado/a-activista que é a de exenta de pagar cuota. Como se indicou no informe do ano 2014 esta figura creouse debido á realidade actual que atravesamos o País e con iso os problemas económicos provocados pola crise económica e política que estamos a padecer, debido tamén ao descenso de activistas e ao recoñecemento por parte da Asociación da importancia dos asociad@s pero sobre todo da importancia e necesidade de activistas.

A tendencia alcista tanto no número de asociados como nos ingresos económicos por asociados que se deron desde o ano 2006 no que naceu a Asociación Verdegaia, deu un xiro á baixa no ano 2012,

continuando a día de hoxe. Nas enquisas feitas entre as asociadas e asociados dados de baixa está como razón fundamental o paro, precariedade económica e en terceiro lugar o deixar de identificarse cos principios ou valores da asociación.

FUNCIONAMENTO ORGANIZATIVO:

Verdegaia na actualidade conta cunha permanente formada por: coordinador xeral, vicecoordinador xeral, secretaría, vicesecretaría e tesouraría.

Con respecto a área económica, está formada por unha responsable nacional e unha responsable por cada comarca*. Os balances económicos até a asemblea do ano 2014 se viñan preparando para o período interasamblear que normalmente vai desde marzo a marzo do ano seguinte. No ano 2014 a Área Económica decidiu facer o balanço económico anual, desde o un de xaneiro ao 31 de decembro, coa idea, como se explicou no seu momento, de facer casar os balances económicos da asociación co balanço económico anual que marca a lei.

INFORME ECONÓMICO

Comparativa:

- No período interasamblear 2010-2011. a asociación ten uns ingresos por asociados e doazóns de 10546.00€ e por subvencións 2262.00€, por obradoiros realizados e conferencias-seminarios ten un total de ingresos de 3600€, máis outros ingresos 2066,59€, que fai un total final de 18474,59€ e uns gastos totais de 9645,75€
- No período interasamblear 2011-2012 o de ingresos por cotas de domiciliacións e venda de material e donativos ascendeu a 9320€. Os recibos por asociad@s foron 10.855 € , mais viñeron devolvidos 1.995€. Os gastos deste período ascenden a un total de 6504,70€
- No período interasamblear 2012-2013: No ano 2012 por mor das mudanzas na tesouraría non se puideron cargar os dous primeiros recibos trimestrais nen o primeiro semestral polo que se decidiu, informando as socias e os socios que se ía facer un único cárrego anual o 1 de outubro. Cumpre reflectir que a base de datos bancaria non se encontraba actualizada, rexistrando duplicidades e figurando nela un pequeno grupo de persoas que xa non eran socias. A pesar de ter feito unha limpeza previa producíronse 83 devolucións; algunhas por falta de fondos, bastantes por modificación do número de conta e aínda mais por baixa na asociación. Os ingresos económicos por cotas de asociados ascenderon a un total de 7.929€ ao que temos que sumar a cantidade de 496.12€ + 243,16€ por doazóns e actividades propias e outros, o que fai un total de 8668,28€. Os gastos neste período ascenden a un total de 10448,47€
- No período interasamblear 2013-2014 a asociación ten uns ingresos reais por asociados de 7039,50€ ao que temos que sumar a cantidade de 270.00€ de ingresos por donativos e actividades. O que fai un total de ingresos de 7309,50€. Temos que indicar que neste período, cando se pasaron as cotas anuais (pásanse a cobro ao remate do ano- Decembro de 2013) o número de cotas devolvidas foi alto, o que repercutiu nun descenso importante no número de asociados e asociadas. Os gastos do ano 2013 ascenden a un total de 5888.77€
- Con respecto ao ano natural 2014,houbou un descenso (por terceiro ano consecutivo) no número de asociados. Os ingresos por asociados e asociadas foron de 6490,00€ e por actividades e doazóns foron de 459,52€ + 97,07€, o que fai un total de 7046,59€. Os gastos do ano 2014 ascenden a un total de 4170,11€. Os traspasos as comarcas por cotas supuxeron un total de 2455,00€.
- No ano natural 2015, houbou un descenso no número de asociados pero se ve un pequeno incremento no número de altas. Houbou 8 baixas que xa se viñan lastrando desde o ano 2014 e a súa vez houbou 4 altas. Neste ano os ingresos totalmente reais foron de 6285,30€ e houbou un total de 5632,62€ de gastos (debemos ter en conta que o aumento nos gastos é debido ao custe do Contencioso que a Asociación ten aberto polo tema de Picovello.

Os gastos por xestión das domiciliacións e das xestións das devolucións foron asumidos pola nacional. A nacional recibe a metade dos ingresos das comarcas máis a totalidade de domiciliados sen núcleo, Coruña e Pontevedra e agora tamén Ourense.

BALANZO ECONÓMICO ANO 2015

Partimos cun saldo inicial de 5010,46€. Temos que sumar a este saldo inicial a cantidade de 290,00€ que terían que ser traspasados ao núcleo comarcal de Ourense e non se vai facer, polo que o saldo de partida deste ano é de 5300,46€

GASTOS 2015

- ASESORÍA:

Asesoría Xestión Social: $12 \times 33,00€ + 33,00€$ decembro 2014€ = **429,00€**

- COMISIÓNS BANCARIAS:

Comisións mantemento e comisións administración = $19,00€ + 7,63€ + 22,00€ + 18,80€ + 20,00€ + 24,00€ = 111,43€$

Comisións por transferencias e abonos: $1,80€ + 1,80€ + 1,80€ + 3,11€ + 1,50€ + 0,72€ + 0,75€ + 7,59€ + 0,72€ = 19,79€$

Total= 131,22€

- TELEFONE:

Gastos móbil: **102,39€**

- GASTOS PROCESO PICOVELLO:

Picovello = $500,00€ + 500,00€ + 1038€ = 2038,00€$

Impostos IRPF = $57,00€ + 190,00€ = 247,00€$

Procuradores = 259,01€

Total: 2544,01€

(No ano 2014 xa se pagaran por este concepto 242,00€)

- DONATIVOS:

Donativo Asociación Cabalar: 100,00€

Campaña espiral da enerxía: 95,00€

Federación Ecoloxista Galega = 180,15€

Campaña TTIPs = 33,00€

Donativo Asociación ECOAR= 50,00€

Asociación TOUDA: 70,00€

Total: 528,15€ (no ano 2014 os gastos foron de 840,00€ pero se incluíron aquí a participación en palestras)

- INFORMÁTICA:

Dinahosting: $118,20€ + 139,66€ + 44,77€ + 121,00€ + 4,84€$

Pagamento páxina web= $306,00€ + 1,59€$

Total: 736,06€ (no 2014 foron 499,66€)

- MOBILIDADE E MATERIAL (inclúe participación en palestras):

608,12€ (no 2014 foron 610,00€)

- SEGUROS ASOCIACIÓN:

$75,21€ + 159,46€ + 159,00€$

Total: 393,67€ (igual que no 2014)

- GASTOS PAGAMENTO LOCAL meses outubro-xullo incluído: **160,00€**

Este ano se fixeron tamén os seguintes pagamentos que non se contabilizan xa que eran cuotas do ano 2014 que correspondían as comarcas.

- Traspaso a Núcleo Comarcal Compostela por asociados 810,00€
- Traspaso a Núcleo Comarcal de Vigo por asociados 785,00€

TOTAL GASTOS DO ANO: 5632,62€ (fronte aos 4170,11€ do ano 2014 pero a diferenza é porque no ano 2015 tivemos un gasto engadido de 2544,01€ por gastos xurídicos do proceso Picovello)

INGRESOS

- ASOCIADOS E ASOCIADAS:

Domiciliacións 1º semestre = 250,00€ + 400,00€ = 650,00€

Gastos remesa 1º semestre: 3,50€ + 0,74€ + 6,50€ = 10,74€

Domiciliacións 2º semestre e anual = 80,00€ + 2320€ + 3030,00€ + 250,00€ + 400,00€ = 6080,00€

Devolucións = 280,00€ + 200,00€ + 40,00€ + 40,00€ + 40,00€ + 60,00€ + 20,00€ = 680,00€

Comisións devolucións= 9,80,€ + 6,53€ + 1,09€ + 1,09€ + 1,09€ + 1,09€ 1,09€ + 1,09€ + 1,09€ = 23,96€.

Ingresos en conta 50,00€ + 20,00€

Total ingresos por asociadas= 6085,30€

INGRESOS POR PARTICIPACIÓN EN CAMPAÑA:

Participación xornadas Manos Unidas: 200,00€

TOTAL INGRESOS: 6285,30€

TOTAL FINAL:

SALDO PARTIDA: 5300,46€

INGRESOS 6285,30€

GASTOS: 5632,62€

SALDO FINAL: 5953,14€

(Pendente traspaso ás comarcas das cotas correspondentes por domiciliación do ano 2015)